

# CATALOGACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE COTOBADE (PONTEVEDRA)

Por Manuel SANTOS ESTÉVEZ

Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe  
Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela

**Abstract:** This paper summarizes the results of the archaeological works made for the inventory of sites in the municipality of Cotobade (Galicia). These works have been developed between 16th October to 29th November 1996. This work is included in a wider project, the Catalogue and Delimitation of Archaeological Sites of Cotobade, made by commission of Galician autonomous government.

**Key words:** Prospecting, Settlement, Inventory, Hillforts, Petroglyphs, Barrows.

## 1. INTRODUCCIÓN

O contido deste artigo é parte do resultado da prospección realizada entre o 16 de Outubro e o 29 de Novembro de 1996. O proxecto de catalogación do concello de Cotobade foi promovido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Comunicación Social.

Nas seguintes liñas expónse a metodoloxía aplicada á catalogación do Concello de Cotobade, indicando qué criterios se seguen para defini-las áreas que han de ser prospectadas con maior intensidade e qué lugares, por diversos motivos, son susceptibles de albergar de restos arqueolóxicos. No artigo preténdese facer unha análise global das afeccións e estado de conservación dos xacementos máis representativos. Por esta razón non se inclúen as vintedúas referencias sobre achádegos, así os xacementos medievais ou o xacemento da Idade do Bronce de Val da Porca. Polo tanto o estudo limitárase ós xacementos visibles como son as mámoas, petroglifos e xacementos castrexos<sup>1</sup>.

## 2. DESCRIPCIÓN DA ZONA DE TRABALLO

O concello de Cotobade limita ó oeste e ó norte co río Lérez agás no lugar de Fentáns que se atopa na marxe oposta do devandito río (Fig. 1). Polo suroeste limita co monte Pedamúa e polo surlleste co río Verdugo. Ó ponente atopamos as serras de O Cando e O Seixo pertencentes á Dorsal Meridiana. Os principais

---

<sup>1</sup> Quixera expresar o meu agradecemento a I. Vilaseco Vázquez co que compartín os traballos tanto de campo como de gabinete durante o proxecto de catalogación do concello. Tamén quixera agradecer a colaboración a David Barreiro, Felipe Criado, Raquel López, Fidel Méndez, César Parcero pola súa axuda e colaboración, e a Anxo Rodríguez pola elaboración das figuras deste artigo.

accidentes xeográficos ademais dos xa citados son o Monte Arcela, a Serra do Castelo, Monte Cabeiro e os vales de Almofrei, Calvelle e Barbeira.

O termo municipal de Cotobade divídese en dúas grandes zonas claramente diferenciadas por varios aspectos. Estas dúas zonas son a *Noroccidental* e a *Sudoriental*. (Fig 2).

A metade *noroccidental* do concello inclúe as parroquias de S. Xurxo de Sacos, Sta. M<sup>a</sup> de Sacos, Santiago de Viascón, S. Pedro de Tenorio, S. Martiño de Rebordelo e S. Miguel de Carballedo. Caracterízase por seren unha zona máis poboada e polo tanto unha paisaxe máis humanizada, dentro de esta área atópanse as principais entidades de poboación, que son Tenorio, Viascón, Carballedo e Sacos. A maioría da súa superficie está orientada hacia o val do río Lérez. Os principais cultivos de esta zona revélanos as súas características climáticas, así os principais cultivos son os propios da orta, así como millo, pataca, vide, frutais, etc. A gandería é moi escasa.

A metade *sudoriental* comprende as parroquias de S. Lourenzo de Almofrei, S. Martiño de Borela, S. Miguel de Augasantas, Santiago de Loureiro, S. Andrés de Valongo, S. Gregorio de Corredoira e Santiago de Caroi. Trátase dunha zona menos poboada e que conserva unha paisaxe máis tradicional no referente a formas de ocupación da terra e a súa explotación. Os cultivos de esta zona diminúen sensiblemente na súa variedade, desaparece a vide e os frutais e aumenta significativamente o gando vacún.

O relevo accidentado do terreo, pola abondosidade de serras de substrato granítico, e a escasez de vales e terras cultivables condiciona o escaso poboamento do concello. A pesar da presenza deste factor, trátase dunha zona moi coñecida por traballos arqueolóxicos precedentes. Pero ó igual que ocorre co veciño Campo Lameiro as publicacións son bastante escasas. Os factores que fan de este concello un lugar con abondoso rexistro arqueolóxico e relativamente ben conservado son fundamentalmente dous:

- Proximidade das cidades de Pontevedra e Vigo. Isto permitiu contar con, máis que traballos especializados, con numerosas notas dispersas en distintas publicacións e traballos inéditos.
- Escasa poboación, sobre todo nas parroquias orientais que presentan un patrón de poboamento máis concentrado e tradicional que diminúe o impacto tanto sobre o rexistro arqueolóxico como na arquitectura tradicional. Por outra banda o carácter accidentado do terreo funciona como un protector dos restos arqueolóxicos por atoparse en lugares, moitas veces de difícil acceso.

Por outra banda, paradóxicamente, a proximidade dos devanditos núcleos urbáns está a perxudicar a conservación do patrimonio arqueolóxico, xa que acelerou o proceso de abandono das formas tradicionais de uso da terra nas parroquias máis occidentais e acentuado isto pola introducción da concentración parcelaria, traendo consigo un considerable impacto potencial sobre posibles xacementos.

Desde o punto de vista arqueolóxico tamén podemos facer unha clara distinción entre ámbalas dúas zonas anteditas.

Mitade noroccidental. Trátase da zona cun maior número de xacementos catalogados e cun maior número de referencias. Dentro de esta zona temos un total de 9 castros (aprox. 81%), 43 grupos inscultóricos (aprox. 91%), 9 mámoas (aprox. 60%), os dous xacementos medievais e o único xacemento da Idade do Bronce. Por outro lado tamén temos un maior número de referencias e noticias sobre a posible existencia de restos arqueolóxicos obtidas de comunicacións de veciños e de notas bibliográficas. En total, nesta zona, contamos con 12 referencias (o 58% das existentes no concello).

Mitade sudoriental. A extensión desta zona é aproximadamente a mesma que a da mitade noroccidental, pero o número de xacementos atopados é sensiblemente menor a pesares de seren prospectadas coa mesma intensidade. Asimesmo tamén se atopou un número moi inferior de toponimia significativa e de referencias sobre a existencia de xacementos arqueolóxicos. Dentro de esta zona foron atopados 2 castros, 4 grupos inscultóricos e 6 mámoas.

### **3. METODOLOXÍA EMPREGADA**

Para a realización da catalogación seguíronse unha serie de pasos que poden ser agrupados xenéricamente en tres fases: 1. Rexistro previo de información. 2. Prospección. 3. Sistematización da Información. Os pasos seguidos foron os seguintes:

#### **3.1. Rexistro previo de Información**

- a) Vaciado de información de anteriores catalogacións. Esta información foi recollida no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Onde existía diverso material procedente de anteriores prospeccións. Asimesmo tamén foi extraída información dos traballos de Seguimento e Control da Construción do Oleoducto Coruña-Vigo, facilitada polo Grupo de Traballo de Arqueoloxía da Paisaxe do Departamento de Historia I da Universidade de Santiago. E a catalogación de gravados rupestres da parroquia de Viascón a raíz da concentración parcelaria elaborado por Jiménez López.
- b) Vaciado bibliográfico. As principais publicacións consultadas foron: Grabados Rupestres de la Provincia de Pontevedra de A. García Alén e A. de la Peña Santos (1981), Los Petroglifos de Fentáns de A. Álvarez Núñez (1985) e Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra de J. Filgueira Valverde e A. García Alén (1953).
- c) Análise da cartografía. Para este tipo de traballo dispúxose de planos a escala 1:10.000 facilitados polo Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e planos a escala 1:5.000 facilitados pola empresa INTERURBAN encargada da realización do proxecto de Normas Subsidiarias do Concello de Cotobade. A análise da cartografía foi neces-

saría para a recollida de toponimia e o estudio do relevo da zona e formas fisiográficas que poidesen indicar a presenza de restos arqueolóxicos.

### 3.2. Prospección

A prospección do concello foi enteiramente superficial e selectiva, é dicir, a intensidade da prospección non foi a mesma en tódalas zonas. Así as áreas prospectadas poden ser divididas en dúas partes: áreas de prospección intensiva e áreas de prospección extensiva.

As áreas de prospección máis intensa foron aquelas que reunían as seguintes características:

1. Lugares onde existían referencias sobre a existencia de xacementos ben por consultas bibliográficas, ben por información dos veciños.
2. Sítios onde a toponimia indicase de forma directa a posibilidade da existencia dun resto arqueolóxico. Referímonos a topónimos do estilo *castro*, *anta*, *mámoas*, etc<sup>2</sup>.
3. Arredores de xacementos xa coñecidos e que polas súas características poidesen implicar a existencia de outros xacementos de similares características o relacionados con éstos, este tipo de xacementos son, por exemplo, as mámoas ou os petroglifos, a presenza de estos elementos poden implicar a existencia de máis xacementos do mesmo tipo nas proximidades.
4. Asimesmo tamén foron prospectadas algunhas zonas que requerían ser prospectadas intensamente polas súas características inda que non implicasen nesariamente a presenza dun xacemento, referímonos a a lugares onde se practicase algún tipo de remocións de terra, sobre todo relacionadas con actividades forestais (repoboacións, cortalumes, etc).

Por outra banda foron prospectadas outras áreas de xeito menos intensivo, estes lugares foron os seguintes:

1. Lugares que polas súas características topográficas poidesen albergar algún tipo de xacemento concreto. Tales como contornos de brañas, chans en altura, outeiros con boas defensas naturais, etc.
2. Sítios cun topónimo que de forma indirecta poidesen indicar a presenza de algún xacemento. Referímonos a lugares cun topónimo do estilo Outeiro da Moura, Chan das Rozas, etc.
3. Áreas próximas a xacementos que polas súa tipoloxía non implicasen a presenza de outros xacementos, tales como castros.

---

<sup>2</sup> Hai que sinalar que foron atopados dous topónimos, que en principio parecían facer referencia a xacementos. Éstos son Castra Segón e Castro Toraxe, que non revelaron a presenza de recintos castrexos. A razón pode ser que este topónimo tamén poda facer referencia a outeiros pedregosos que non sempre implican asentamentos.

### 3.3. Sistematización da Información

#### Rexistro dos datos

Os datos de campo foron recollidos en fichas, onde básicamente se rexistraba información sobre a súa localización, descripción das súas características e estado de conservación. Posteriormente foron informatizadas para un mellor procesamento da información no programa *SIA* (Sistema de Información Arqueolóxica)<sup>3</sup>. Asimesmo ademais dos datos sobre a localización incluídas nas fichas tamén foi rexistrada nos planos xa citados o emprazamento dos xacementos. A localización dos mesmos foi precisada mediante o sistema GPS e correxida no programa informático *Pfinder*. Asimesmo a tecnoloxía GPS tamén foi aplicada para delimitar os xacementos e a súa área de protección integral.

## 4. CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

### 4.1. Descripción das zonas arqueolóxicas

Neste apartado descríbense someramente as distintas zonas arqueolóxicas do concello. Estas zonas defínense pola relación dun conxunto de xacementos cunha mesma unidade fisiográfica ou sinxelamente pola proximidade dos xacementos entre sí, podemos distinguir básicamente oito zonas arqueolóxicas: Chan da Balboa, Lombo da Costa-Outeiro do Cuco, Cutián-Eira dos Mouros, Tenorio-Viascón, Val do Almofrei, Sta. M<sup>a</sup> de Sacos, Caroi-Campo da Anta e Famelga-Augasantas.

1. **Chan da Balboa.** Esta zona comprende as dúas cubelas situadas sobre a aldea de Fentáns. En ámbalas dúas cubelas foron catalogadas vinte-nove pedras insculturadas que forman un total de dezoito conxuntos. Trátase de un conxunto bastante ben conservado tanto no que respecta ós gravados e os seus soportes como ó contorno natural. Os motivos máis representados son os cuadrúpedos, sobre todo cérvidos e combinacións circulares. A zona de Chan da Balboa constitúe unha das zonas máis interesantes para o estudo da arte rupestre en Galicia, sobre todo pola cantidade de petroglifos, a variedade tipolóxica e a complexidade dos paneis. Merecen especial mención os petroglifos de Pedra das Ferraduras, Laxe dos Cebros e Coto do Rapadoiro.
2. **Lombo da Costa-Outeiro do Cuco.** Sitúase esta zona nunha plataforma emprazada sobre o río Lérez na parroquia de S. Xurxo de Sacos, xusto na marxe oposta ó lugar de Fentáns. En Lombo da Costa foron localizadas dezoito pedras gravadas que forman sete conxuntos inscultóricos, os motivos máis representados son as combinacións circulares e os cuadrúpedos. Esta zona constitúe xunto con Chan da Balboa unha das estacións máis interesantes do Noroeste Peninsular. Dentro de esta estación

---

<sup>3</sup> Deseñado por César González Pérez.

é preciso destacar o petroglifo de Laxe das Rodas, petroglifo de grande tamaño con numerosos cuadrúpedos e círculos concéntricos de profundos surcos. Na estación de Outeiro do Cuco localizáronse seis rochas inscultradas que forman un total de tres conxuntos destacando a Laxe do Cuco con doce cervos gravados.

3. **Cutián-Eira dos Mouros.** Esta zona localízase entre o Monte Arcela e o río Lérez ó seu paso polo lugar de Cutián. Nesta zona foron catalogados o petroglifo de Pedra dos Mouros e outro petroglifo en Illa Rociña. Os castros de Fontán (case completamente destruído), A Cividá, que conserva varias liñas de parapetos e foxos, e Eira dos Mouros, onde é apreciable con bastante nitidez a muralla de pedra que rodea tódala croa. O xacemento medieval de Cutián descuberto durante as obras de Seguimento e Control da construción do Oleoducto Coruña-Vigo; e a Ponte Nova, construída en época moderna e que une Cutián con Fentáns sobre o río Lérez.
4. **Tenorio-Viascón.** Esta zona comprende as terras situadas entre a Serra do Monte Castelo e o límite occidental do concello. Catalogáronse cinco túmulos no lugar de Eira dos Mouros en Tenorio, que constitúe o maior grupo de mámoas do concello, oito petroglifos agrupados nos conxuntos de Portela da Laxe, Laxe das Coutadas e Coto do Outeiriño, onde predominan os motivos circulares aínda que existen algunhas representacións de cuadrúpedos, e o xacemento pertencente a Idade do Bronce de Val da Porca, xacemento medieval de Lérez, localizados ámbolos dous durante o Seguimento e Control das Obras de Construción do Oleoducto Coruña-Vigo. Asimesmo tamén se catalogaron os castros de Coto do Castro, cunha estrutura anexa posiblemente producida por labores agrícolas (Parcero, 1995: 127-44), Coto das Rodelas e Castro de Tenorio, que conserva un parapeto e un foxo. Esta zona é a de maior variedade de xacementos tanto no referente a tipoloxía como á cronoloxía. Incluíronse tamén na catalogación os camiños empedrados de Parada e Coto do Castro.
5. **Val do Almofrei.** Dentro de esta zona sitúanse as terras situadas entre a serra do Monte Castelo e a serra do Sistalto, inclúe as parroquias de Carballedo, Rebordelo, Borela e Almofrei. Dentro de esta zona foi localizada unha mámoa en As Lagoas na parroquia de Loureiro e outra en Almofrei en Chan da Costa, ámbalas dúas moi arrasadas; as estacións rupestre de Chan das Latas, Val da Pereira e Chan do Muiño con tres petroglifos cada unha, destacando a segunda estación pola complexidade dos seus paneis. Asimesmo tamén se catalogaron os castros de Carballedo e Paraños, neste último son apreciables os restos da muralla; a torre medieval do Coto da Torre, totalmente arrasada e a ponte de Almofrei do século XVI, relacionada co camiño que conduce a Ponte Caldelas.
6. **Sta. M<sup>a</sup> de Sacos.** Esta zona comprende a área comprendida entre a serra do Monte Coirego e o río Lérez. Foi localizado un túmulo no lugar

de Cávado e unha segunda construción formada polas seguintes estruturas: un gran túmulo que parece aproveitar unha elevación natural, un círculo formado por pedras tumbadas e un túmulo con restos de cámara megalítica posiblemente con corredor. Tamén foi catalogado un castro no lugar de Louredo que conserva un foxo e un parapeto.

7. **Caroi-Campo da Anta.** Esta zona sitúase no val alto do Almofrei entre as serras de Monte Coirego e a do Alto do Seixo. Na parroquia de Loureiro catalogáronse dúas mámoas, unha delas coa cámara case completa e coraza pétreo. Na parroquia de Caroi localizáronse dúas mámoas no Chan das Zacoteiras e outra na Chan do Cabeiro, esta última é a de maior tamaño dos atopados.
8. **Famelga-Augasantas.** A zona comprende as terras situadas no val do río Calvelle nas parroquias de Valongo e Augasantas. Catalogáronse as estacións rupestres de Chan das Arcas cun petroglifo, o conxunto inscul-tórico de As Laxas en Portoval, Sucastro con tres rochas e o grupo de Porteliña da Corte con dous petroglifos, un deles de gran tamaño e complexidade onde predominan os círculos concéntricos. Tamén foron catalogados os castros de Famelga e Augasantas.

#### 4.2. Descrición dos xacementos por tipoloxías

##### Mámoas

Seguindo unha orde de Leste a Oeste podemos mencionar un total de sete conxuntos de túmulos: As Zacoteiras-Chan do Cabeiro, Campo da Anta, As Abeleiras, Chan das Latas, As Lagoas, Eira dos Mouros e Chan da Costa.

**As Zacoteiras-Chan do Cabeiro.** (Caroi) Está formado por tres túmulos, un deles conserva un ortostato. Este grupo emprázase na liña de tránsito que leva ó Chan do Cabeiro desde o norte. As mámoas son de tamaño medio e están relativamente ben conservadas, agás unha que foi lixeiramente afectada polo trazado dun camiño.

**Campo da Anta.** (Corredoira e Loureiro) Está formado por un túmulo cunha coraza granítica e un grupo de ortostatos no seu interior. Os chantos que forman unha cámara cuadrangular a xeito de cista<sup>4</sup>. A outra estrutura consiste nun conxunto de pedras chantadas que apenas sobresaen do chan e que forman un espacio oval cun eixo maior que non supera o metro e medio. O seu emprazamento é similar ó grupo de As Zacoteiras, xa que, se sitúa no punto de arranque da subida hacia o monte Coirego onde na ladeira oposta se atopa o conxunto de As Abeleiras.

**As Abeleiras.** (Sta. M<sup>a</sup> de Sacos) Intégranos unha mámoa con coraza e un complexo tumular formado por varias estruturas. A primeira trátase dun túmulo que aproveita unha pequena lomba semiesférica. A segunda estrutura está for-

---

<sup>4</sup> É preciso sinalar a posibilidade de que as pedras da cámara non estean na súa posición orixinal, xa que o megalito sufriu unha excavación furtiva.

mada por un conxunto de pequenas pedras tumbadas dispostas a modo de valo circular. A terceira estrutura consiste nun túmulo de reducidas dimensións e os restos dunha cámara megalítica posiblemente con corredor. Estas tres estruturas estan circundadas por un semicírculo pétreo de características similares á da segunda estrutura e que se sitúa no lado Este do conxunto<sup>5</sup>. Ambas dúas mámoas sitúanse na liña de tránsito que ascende ó Monte Coirego.

**Chan das Latas.** (Carballedo) Trátase dun túmulo afectado en parte polo trazado dunha estrada local. Esta mámoa atópase nas inmediacións dun grupo de petroglifos. Emprázase no contorno dunha braña situada no camiño que de Carballedo se dirixe a Corredoira, concretamente no inicio da subida ó Monte Coirego.

**As Lagoas.** (Rebordelo) Túmulo sin cámara. Situado nas inmediacións da vía de tránsito que de Tenorio se dirixe a Corredoira atravesando diagonalmente o concello.

**Eira dos Mouros.** (Tenorio) Conxunto de cinco túmulos, inda que tan só dous de eles son claros. Dos restantes, dous están casi totalmente destruídos, un pola construción dunha cea e o outro por estar atravesado por unha pista forestal. Un terceiro apenas destaca sobre o chan, pero pola súa planta circular semella ser un túmulo. Este campo de mámoas atópase nunha ladeira do Monte Castelo nunha zona de subida hacia a serra.

**Chan da Costa.** (Almofrei) Trátase dun pequeno túmulo de escasa altura e bastante arrasado por obras de repoboación. Sitúase nunha pequena chan situada na cima do Monte de Vilanova.

Os monumentos tumulares do concello de Cotobade son en xeral de moi reducido tamaño, e con moita frecuencia en mal estado de conservación. O emprazamento das mámoas non se corresponde co que estamos acostumbrados a observar noutras zonas, onde os túmulos atópanse en penichairas distribuíndose ó longo de liñas de tránsito que discorren polos cumios das serras. En Cotobade os túmulos aparecen nas portelas dos montes, nun emprazamento moi similar ó dos petroglifos, formando pequenos grupos ou localizándose en solitario.

Por outra banda, no referente a dispersión no termo municipal, os monumentos tumulares atópanse no límite que separa ou divide a zona do concello con maior densidade de xacementos, a metade NW; e a de menor densidade, a metade SL, que en parte coincide ca liña de tránsito que atravesa de suroeste a norleste a totalidade do concello.

## Petroglifos

Dentro de este apartado inclúense aqueles grabados que por razóns tipolóxicas son incluídos tradicionalmente na Idade do Bronce. Temos que facer unha excepción ca Laxe das Chaves de San Pedro, posiblemente Medieval ou Moderna, polo seu valor documental e excepcionalidade dos seus motivos xa

---

<sup>5</sup> Descoñecemos si esta estrutura está relacionada co túmulo.



que serve de límite entre as parroquias de Tenorio e Viascón, pero que posiblemente poido sinalar o límite da xurisdicción do convento de Tenorio. A parte de este último petroglifo foron localizados un total de oitenta e catro rochas con gravados, que foron distribuídas en cuarenta e sete grupos e doce estacións que pasamos a describir someramente.

**Chan da Balboa.** (S. Xurxo de Sacos) Esta formado por un total de dezano-ve grupos de petroglifos. Os motivos dominantes son as representacións de cuadrúpedos e as combinacións circulares. Esta estación pode encadrarse polo seu estilo co conxunto de Caneda e Parada en Campo Lameiro<sup>6</sup>. A maioría dos petroglifos aparecen delimitando unha braña, hoxe en día convertida nun pastizal, e ó longo das liñas de tránsito que conducen a zona de Caneda.

**Lombo da Costa-Outeiro do Cuco.** (S. Xurxo de Sacos) Está formado por dez grupos de petroglifos situándose seis en Lombo da Costa y catro en Outeiro do Cuco. En ámbolos dous lugares os motivos dominantes son os cuadrúpedos e os círculos concéntricos. As estacións emprázanse nun chan alombado situado a modo de estreito escalón entre os escarpes das ladeiras dos montes de Arcela e as fortes pendentes que caen hacia o río Lérez. Este escalón serve de zona de paso, xa que evita os lugares de maior pendente, por esta razón o trazado do antigo camiño de Pontevedra a Ourense discurre polas súas inmediacións.

**Portela da Laxe.** (Santiago de Viascón) Está formado por varias pedras con combinacións circulares e outros motivos atípicos. Sitúase ó pé do Coto do Castro. Como o topónimo indica, o conxunto atópase nunha portela de acceso hacia o monte Arcela, pasando por un antigo camiño empedrado que nos conduce ó lugar onde foi excavado o xacemento da Idade do Bronce de Val da Porca no marco do proxecto de Seguimento e Control Arqueolóxica do Oleoducto Coruña-Vigo (Méndez, 1998 e Prieto, 1995).

**Coto do Outeiriño-As Coutadas.** (S. Pedro de Tenorio-S. Andrés de Viascón) O primerio grupo está formado por un grupo de pedras con combinacións circulares e un zoomorfo, nun lugar xa próximo ó río Lérez. Si ascendemos hacia ó norleste hacia o monte Arcela chegamos á Pedra das Coutadas, batolito cuberto de numerosas combinacións circulares e zoomorfos. Novamente atopámonos ante un grupo de petroglifos que sinalan o camiño desde o val ata a zona de monte.

**Val da Pereira-Chan das Latas.** (S. Miguel de Carballedo) A primeira estación, publicada por Fraguas en 1955, está formada por tres grupos de petroglifos e a segunda por dous. Os motivos insculturados son practicamente na súa totalidade combinacións circulares. Ámbalas dúas estacións sitúanse en dúas liñas de tránsito que ascenden hacia o monte Coirego, monte que forma unidade fisiográfica co monte Arcela.

**Chan das Arcas-As Laxas.** (S. Andrés de Valongo) Os dous grupos están integrados por sendas pedras gravadas. Os motivos de As Laxas son zoomorfos e combinacións circulares e os gravados de Chan das Arcas son círculos con-

---

<sup>6</sup> Estación estudiada por Bradley *et al.* (1994: 159-68) e Santos (1998).

céntricos. Dun xeito semellante ó Coto do Outeiriño-Pedra das Coutadas, estan indicando o inicio e o final do ascenso hacia o monte, neste caso hacia o Monte do Ceo.

**Sucastro.** (Sta. M<sup>a</sup> de Augasantas) Está formado por tres paneis con combinacións circulares e unha escena de equitación. O seu emprazamento semella estar relacionado co punto de paso do río Verdugo, xa que desde estas pedras é perfectamente visible a ponte sobre este río.

**Porteliña da Corte.** (Sta. M<sup>a</sup> de Augasantas) Está formado por dous conxuntos, o primeiro cun círculo simple e o segundo por unha grande laxe con numerosas combinacións circulares e un zoomorfo. Como o seu nome indica, atópase na portela da serra do monte Pe da Múa.

Ademáis das estacións descritas, contamos con outras con paneis máis sinxelos como son os de Chan do Muiño ou Illa Rociña.

Ó contrario do que sucede cas mámoas, os petroglifos son moi numerosos e algúns de grande complexidade e variedade tipolóxica. De tódolos xeitos hai que distinguir dúas zonas ben diferenciadas. Unha sitúase en ambas marxes do río Lérez. As características desta zona serían as seguintes: gran número de paneis, frecuentes representacións de zoomorfos e paneis de grande complexidade tipolóxica. A segunda zona sitúase no val do Almofrei e do río Calvelle. O número de petroglifos diminúe notablemente e a variedade tipolóxica tamén. A gran maioría dos gravados representados son círculos concéntricos.

## Castros

No concello de Cotobade foron localizados un total de once castros. Cinco de eles non foi posible o seu estudio con certa profundidade debido ó estado de abandono que sufría o monte e que impedía o seu acceso.

**Os Castros.** (Sta. M<sup>a</sup> de Sacos) Descoñecemos as súas dimensións exactas por mor da densidade de vexetación que impediu o seu estudio en profundidade. Conserva un foxo, que posiblemente o rodee en tódolo seu perímetro. O seu emprazamento estaría relacionado co camiño tradicional que discurre paralelo ó río Lérez.

**Castro de Fontán.** (S. Xurxo de Sacos) Castro completamente arrasado pola construción de un cementerio e un campo de fútbol. O seu emprazamento semella relacionarse coa via de tránsito que discurre paralela ó río Lérez e atópase nas inmediacións do camiño que descende hacia este río e que pasa por unha ponte relacionada co camiño que conduce a Fentáns.

**A Cividá.** (S. Xurxo de Sacos) Trátase dun dos castros máis interesantes, posee unha serie de estruturas defensivas formadas por dúas liñas de parapetos, un foxo e os restos dunha muralla pétreo na croa. No seu extremo meridional ten unha laxe de grande tamaño cuberta de gravados de cronoloxía diversa, algúns parecen ser medievais ou modernos, esta pedra é coñecida como A Pedra dos Mouros.

**Eira dos Mouros.** (S. Xurxo de Sacos) Pequeno recinto onde se aprecia claramente un valado pétreo en relativo bo estado de conservación e unha terraza

ó norte. Tanto este castro como o da Cividá, teñen un control visual sobre boa parte do val do Lérez.

**Coto do Castro.** (Santiago de Viascón) Castro de reducidas dimensións. Non se aprecian estruturas defensivas. Pero quizáis o máis interesante sexa a estrutura anexa ó castro que poido tratarse dunha zona de cultivo localizado durante as obras de Seguimento e Control da Construcción do Oleoducto de Coruña-Vigo. Este castro semella relacionarse ca liña de tránsito que discurre paralela ó río Lérez.

**Coto das Rodelas.** (S. Pedro de Tenorio) Este castro sitúase nun meandro do río Lérez que lle serve de defensa por boa parte do seu perímetro. Foron localizados amontonamentos de pedras que poideran pertencer a restos de murallas defensivas.

**O Castro.** (S. Pedro de Tenorio) Posee unha pequena croa e posiblemente tivo unha terraza onde hoxe se atopa unha casa de turismo rural. Na parte septentrional conserva un foxo e unha liña de parapetos. Desde o castro divísase o val onde se sitúa a poboación de Tenorio.

**Coto de Paraños.** (S. Miguel de Carballedo) Conserva os restos da muralla defensiva que rodeaba a croa. O seu emprazamento relaciónase co val do Almofrei ó seu paso pola parroquia de Carballedo e ca zona de paso entre este val e o do río Lérez.

**Cruz do Castro.** (S. Miguel de Carballedo) Non conserva ningunha estrutura visible. O seu emprazamento vincúlase co control de boa parte do val de Almofrei, que serve de vía de comunicación entre o suroeste e a o centro do concello.

**Castro de Famelga.** (Sta. M<sup>a</sup> de Augasantas) Atopase nun outeiro que destaca notablemente sobre a paisaxe debido a súa grande altura. Os datos de que dispoñemos son escasos debido a inaccesibilidade do mesmo por mor da densa vexetación que o cubre. Este castro é visible desde a maior parte do concello por acharse nun emprazamento prominente.

**Coto do Castro.** (Sta. M<sup>a</sup> de Augasantas) Trátase do castro de maior tamaño do concello. Posee varias terrazas. O seu emprazamento permítelle controlar o paso do río Verdugo desde A Lama e o paso hacia Ponte Caldelas así como o camiño que o comunica con Famelga<sup>7</sup>.

En xeral os castros do concello son de reducido tamaño. Atópanse na zona de transición entre o val e o monte, pero posuindo un dominio visual sobre a zona de val. O conxunto dos castros poderíamos dividilo en dous grupos. O primeiro grupo estaría integrado polos castros de Tenorio, Coto das Rodelas, Coto do Castro de Viascón, Fontán, A Cividá, Eira dos Mouros e Os Castros, este grupo de castros relaciónanse ca liña de tránsito pola que poido discorrir a vía XIX

---

<sup>7</sup> É preciso sinalar que existen algunhas dúbidas sobre si este outeiro se trata dun asentamento castrexo. A forma do mesmo e o topónimo semella estar indicándonos que se trata dun castro, pero unha obras de construción que afectaron a parte deste posible asentamento deixaron visible un perfil no que, a pesares dunha detenida inspección, non se atopou ningún fragmento cerámico.

romana<sup>8</sup>. O segundo grupo estaría formado polos castros de Augasantas, Famelga, Cruz do Castro e Coto de Paraños, e estaría relacionada ca vía de tránsito que ven de Ponte Caldelas e A Lama, que se unen formando unha soa en Augasantas e que se dirixe a Famelga, logo a Carballedo para rematar uníndose á anterior en San Xurxo de Sacos.

#### 4.3. Estudio de conxunto

No seguinte apartado imos a describir as características espaciais dos xacementos visibles de Cotobade. Esta análise comprenderá dous niveis, por un lado o emprazamento na paisaxe e por outro a distribución espacial no conxunto do concello.

#### 4.4. Emprazamento dos xacementos

Respecto ós xacementos máis representativos do concello, é dicir, mámoas, petroglifos e castros, diferén sustancialmente no seu emprazamento.

As mámoas sitúanse en chans de mediana amplitude, xa que, no concello de Cotobade non foron atopadas penichairas de certa extensión, por tratarse dun relevo moi irregular e escarpado. Asimesmo tamén escasean as brañas extensas, tan só coñecemos a de Chan da Latas e Chan da Balboa. Estas características do solo de Cotobade poden ser condicionantes para a aparición de túmulos. Por outro lado podemos dicir que as mámoas sitúanse en portos de acceso ás serras, coincidindo moitas veces con liñas de tránsito que atravesan a comarca ó igual que os castros, pero coa diferenza de que si ben os castros controlan o tránsito polo val as mámoas controlan o tránsito por zonas de monte.

Os petroglifos ó igual que as mámoas atópanse en portos de subida ás serras pero non se sitúan directamente asociadas a vías de tránsito de longo percorrido, semellan pertencer a un tipo de paisaxe máis compartimentada, en realidade soen dispoñerse nos accesos ás serras desde o límite co val. A gran maioría dos petroglifos sitúanse na base do conxunto dos montes de Arcela e Coirego, concentrándose especialmente na ladeira septentrional. O tipo de emprazamento dos petroglifos é moi semellante ó das mámoas. Localízanse en portelas en lugares liminales entre a zona de monte e a zona de val. Por outra banda observamos certa complementariedade na dispersión de ambos tipos de xacementos, posto que si ben as mámoas e gravados rupestres coinciden no tipo de emprazamento, tan só nunha ocasión, (en Chan das Latas), comparten o mesmo escacio.

Respecto ós castros, como xa dixemos atópanse, nas zonas de transición entre o monte e o val. En xeral non se localizan nos accesos ó monte, por acharse en outeiros, pero sí teñen un control visual sobre os mesmos.

Os recintos castrexos dispoñense ó longo de dúas vías principais de tránsito. A primeira iría paralela ó río Lérez percorrendo o oeste e o norte do concello,

---

<sup>8</sup> Com. pers. Méndez Fernández, F.

coincidindo en parte co trazado que algúns autores atribuen á vía XIX e onde se atoparon as dúas referencias de achádegos de época romana. Asimesmo tamén coincide ca estrada que une Pontevedra e Ourense, é dicir, que comunica a costa co interior por esta zona.

A segunda liña de tránsito á que se vinculan os castros é a que comunica o norte co sur do concello e que atravesa as parroquias de Augasantas, Loureiro, Carballedo e Sacos onde se cruza ca anterior vía.

### **Relacións espaciais entre xacementos**

Neste apartado realizaremos unha análise de proximidade entre xacementos que pretende aportar información sobre o emprazamento dos tres tipos de xacementos estudados no presente artigo.

Para elo trazamos un círculo fixo de 1 qm. de radio, en torno ás mámoas e ós castros. O resultado podemos velo na fig. 3. Neste mapa podemos observar como tan só nos círculos correspondentes ós campos tumulares de Eira dos Mouros e Chan das Latas aparecen contendo algún xacemento que non sexan os mesmos túmulos. No primeiro caso trátase do castro de Tenorio e no segundo as estacións rupestres de Val da Pereira e Chan das Latas. Por outra banda se observamos os círculos fixos dos castros temos unha situación ben diferente, dos once castros, máis da metade, (seis en total), conteñen estacións de arte rupestre e un deles o campo tumular de Eira dos Mouros e tan só catro atópanse aillados.

Destas observacións podemos extraer que semella existir certa relación entre a distribución dos castros e dos petroglifos, e que as mámoas, na maioría dos casos, sitúanse ailladas do resto dos xacementos. A pesares de tratarse de xacementos de distinta adscripción cronolóxica e distinta tipoloxía, é posible afirmar que existe unha relación indirecta entre o emprazamento dos castros e o dos petroglifos.

En Santos (1998), difiníanse os petroglifos da Idade do Bronce como posibles demarcadores de territorios polo que se atopaban nos límites das áreas de ocupación das sociedades da prehistoria recente, é dicir, no límite entre as zonas de val ou de explotación agrícola intensiva e as zonas de monte. Este modelo de emprazamento é coincidente co dos castros, que se ubican en outeiros, concretamente en áreas de transición entre as zonas de monte e de val en lugares inmediatamente superiores nos que se ubican as aldeas tradicionais na actualidade. Si a isto engadimos que no concello de Cotobade as estacións de arte rupestre atópanse nas portelas das serras, e os castros en outeiros moi próximos a éstas, explícase ó menos en parte, que os petroglifos se atopan dentro dos círculos dos castros.

No que respecta ás mámoas, si ben éstas tamén se ubican na maioría dos casos, en portelas ou accesos ó monte, a diferenza na dispersión e emprazamento de estos xacementos con respecto ós petroglifos e ós castros, pode residir na visibilidade sobre o contorno, xa que si ben a maioría dos petroglifos de Cotobade e na práctica totalidade dos castros buscanse emprazamentos desde

os que se ten unha ampla visibilidade. Pola contra, nas mámoas este aspecto non é tan relevante na elección do emprazamento, posto que en numerosas ocasión localízanse en zonas protexidas polos outeiros e próximas a brañas. Por outra banda, mentres que os túmulos buscan chans amplos, os castros e petroglifos poden atoparse en ladeiras ou en chans de reducidas dimensións.

## 5. CONSIDERACIÓNS PATRIMONIAIS

### 5.1. Áreas de cautela e de protección integral

**Áreas de Cautela.** Este tipo de cautela foi aplicada a tódos aqueles xacementos atopados *in situ*, tales como asentamentos medievais ou da Idade do Bronce, castros grupos de petroglifos e mámoas. Non se aplicaron as áreas de cautela a aqueles restos arqueolóxicos que non se conservasen «in situ» ou susceptibles de ser desplazados, tales como sartegos de pedra ou o petroglifo de O Concellerio, que se atopaba formando parte dun muro dunha finca.

As áreas de cautela foron establecidas de forma xenérica cun espazo circular xenerado por radio de 200 m. que partía do centro do xacemento. A extensión de estas áreas foron modificadas nalgúns casos por cruzarse co límite de solo urbanizable. Por atoparse a maioría dos xacementos en zonas de monte a área de 200m. de radio aplícase íntegramente.

**Áreas de protección integral.** Ó igual que ás áreas de cautela só se aplicaron a aqueles xacementos arqueolóxicos que se atopasen *in situ* ou que non fose posible ou convinte o seu tralado. Por ter un carácter máis restrictivo que as anteriores cautelas, optouse por delimitalas usando como referencia elementos recoñecibles sobre o terreo, tales como camiños, regos, etc. Polo tanto a súa extensión non é a mesma para tódolos xacementos senón que varía en función de dous factores: a) importancia do xacemento, e b)ubicación dos elementos tomados como referencia.

### 5.2. Estado de conservación e factores destructivos do patrimonio arqueolóxico

#### Problemática xeral

Ó longo dos traballos de prospección do Concello de Cotobade foron localizados un total de oitenta e cinco puntos arqueolóxicos. Como xa se preveía no informe preliminar a maioría dos xacementos son gravados rupestres, o número de mámoas é máis ben escaso e o número de castros, sin ser escaso tampouco cubriu as previsións. De tódolos xeitos a razón da escasez de mámoas e castros, como xa adiantamos, podería estar en relación coa frecuencia de solos pobres e escasamente productivos tanto de monte como de val. Pola contra este factor non semella ter a mesma influencia sobre a presenza de petroglifos, máis ben o seu efecto semella ser o contrario.

A inmensa maioría dos xacementos atopados localízanse en zonas de monte, como soe ocorrer no resto de Galicia (Fig. 4). Os achádegos que máis se localizan en zonas de val ou en zonas hoxendía ocupadas por poboacións, soen ser lugares onde existen referencias de achádegos de restos romanos ou medievais, tanto lugares de enterramento como posibles lugares habitacionais.

As parroquias con máis cantidade e variedade de xacementos localizados son as parroquias occidentais, S. Xurxo de Sacos, Viascón, Tenorio, e Carballedo. Como xa dixemos son estas as tres parroquias mellor comunicadas e con máis poboación na actualidade. A grandes rasgos poderíamos dividir o concello entre unha zona *rica* en arqueoloxía e outra *pobre* arqueolóxicamente falando. Separadas ambas dúas pola barreira natural formada polas serra do Monte Castelo e dos montes Arcela e Coirego.

En xeral podemos dicir que existe un problema común ó conxunto dos xacementos visibles do concello, a súa situación en zonas de monte, por un lado facilitou a súa conservación ó diminuí-la posibilidade de seren destruídos por obras de construción de vivendas ou de diversas vías de comunicación, pero na actualidade este factor pode invertir os seus efectos por varias causas: 1) A proliferación de construcións alonxadas das actuais aldeas, que polo xeral trátase de segundas vivendas, inda que se espera que coa a aprobación do Plano Municipal esta tendencia se vexa corrixida, e 2) As cada vez máis frecuentes obras forestais como a repoboación, construción de pistas, etc. Este último factor vese potenciado polo cambio socioeconómico e cultural que sufriu o uso do monte nas últimas décadas.

### **Estado de conservación dos xacementos**

Nas seguintes liñas exporemos brevemente o estado de conservación de cada un dos tres tipos de xacementos máis representativos e a súa problemática referente á situación patrimonial.

Dos once castros do concello tan só un está destruído e os castros de Cruz do Castro. Coto do Castro de Augasantas e o de Tenorio teñen algún tipo de afección significativa. A problemática respecto á conservación destes xacementos, son a súa localización, que con frecuencia atópanse nas proximidades das aldeas, o cal os expón a ser afectados por construcións sobre todo de vivendas. Por outra banda polas súas características de emprazamento corren o risco de seren transformados en miradores ou áreas de esparcemento como no caso do Coto do Castro de Augasantas.

En total foron localizadas oitenta e catro pedras gravadas. Dun número tan extenso tan só un grupo de tres pedras semella que foi destruído pola construción de un mirador a carón da estrada Pontevedra-Ourense, por outra banda, ó redor dunha decena de rochas insculturadas foron afectadas por obras de cantería, concretamente as que se localizan no Lombo da Costa, precisamente naquel grupo que máis perto se atopa dunha poboación cunha certa entidade como é San Xurxo de Sacos. Os perigos ós que os petroglifos se ven máis expostos son, pola súa localización, as actividades forestais, sobre todo as obras

de repoboación, e máis tendo en conta as novas técnicas de desbrozado, especialmente agresivas. Por outra banda, polas súas características intrínsecas, os petroglifos son afectados con certa frecuencia polas obras de canteiría tanto industrial como tradicional.


A totalidade das mámoas do concello presentan cono de violación, e unha de elas, en Campo da Anta unha cata de sondeo furtiva. As características das mámoas de Cotobade, xeralmente de reducido tamaño e altura, convértenas en monumentos pouco visibles para o observador non especializado e por outra banda facilitan o feito de seren atarvesadas por camiños, valos, etc. En xeral, as mámoas de Cotobade aparecen bastante arrasadas por diversas obras forestais.

Como poidemos comprobar, cada tipo de xacemento ten a súa problemática referente a posibles impactos sobre o seu estado de conservación. Un factor importante que condiciona o tipo de impacto é o emprazamento que nos tres casos de xacementos visibles sitúase nas marxes das áreas de ocupación actual.



## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1985): «Los petroglifos de Fentáns (Cotobade)». *Pontevedra Arqueológica*, 2, pp. 97-125. Pontevedra
- BRADLEY, R.; CRIADO BOADO, F. Y FÁBREGAS VALCARCE, R. (1994): «Los petroglifos gallegos como forma de apropiación del espacio: algunos ejemplos gallegos». *Trabajos de Prehistoria* 51(2): pp. 159-68. Madrid.
- BRADLEY, R.; CRIADO BOADO, F. y FÁBREGAS VALCARCE, R.(1995). «Rock Art and the prehistoric landscape of Galicia: the results of field survey between 1992 and 1994». *Proceedings of the Prehistoric Society*, 61, pp. 347-370.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. Y GARCÍA ALÉN, A. (1953): *Materiales para la carta arqueológica de la Provincia de Pontevedra*. Pontevedra.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1955): «Petroglifos del monte Pedreira en Carballedo (Pontevedra)». *III Congreso Nacional de Arqueología*: pp. 411-2. Zaragoza.
- GARCÍA ALÉN, A. Y PEÑA SANTOS, A. (1981): *Los grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña. Fundación Barrié de la Maza.
- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F. (1998). *División social y construcción social del paisaje durante la Edad del Bronce en Galicia*. Tesis doctoral. Universidade de Santiago de Compostela. Dpto de Historia I. Santiago de Compostela.
- PARCERO OUBIÑA, C. (1995): «Elementos para el estudio de los paisajes castreños del noroeste peninsular». *Trabajos de Prehistoria*, vol. 52, nº 1: pp. 127-44. C.S.I.C. Centro de Estudios Históricos. Dept. de Prehistoria. Madrid.
- PRIETO MARTÍNEZ, P. (1995): *Estudio de la cerámica del II milenio a. C. de la Sierra del Bocelo y el occidente gallego*. Tesis de Licenciatura. Leida en Diciembre en la Universidade de Santiago de Compostela, Dpto. Historia I.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. (1998): «Los espacios del arte: construcción del panel y articulación del paisaje en los petroglifos gallegos». (e.p.) *Trabajos de Prehistoria* C.S.I.C. Centro de Estudios Históricos. Dept. de Prehistoria. Madrid.
- TORRES LUNA, M<sup>a</sup>P. Y PAZO LABRADOR, A. (1994): *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.



**FIGURA 1. Situación do concello de Cotobade.**




FIGURA 2. Localización das mámoas, petroglifos e castros. Na parte superior esquerda representanse as divisións parroquiais (Torres e Pazo, 1994).




FIGURA 3. Áreas de círculo fixo de 1 qm. En torno ós castros e ás mámoas.




FIGURA 4. Indicase cun sombreado as áreas de cultivos e de uso intensivo do solo.